

SAÍU DENCE COLES (OURENSE) O PRIMEIRO ENVÍO DE AXUDA HUMANITARIA CARA UCRÁINA, ORGANIZADO POR UGT-GALICIA E AS FAMILIAS UCRÁINAS

O material, que partiu nun camión das instalacións de Protección Civil do Concello de Coles que prestou a súa colaboración, chegará a Dolhobyczow (Polonia-fronteira con Ucraína) e alí o sindicato polaco OPZZ xestionará o envío a centros sanitarios do oeste de Ucraína



Redacción.- Acaba de saír o primeiro envío de axuda humanitaria, froito da campaña iniciada hai unha semana polas familias ucráinas asentadas en Galicia, en colaboración con UGT-Galicia, dende as instalacións de Protección civil do Concello de Coles cara Ucraína. Antes da partida do camión con axuda humanitaria, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez; o alcalde de Coles, cuxo concello tamén colaborou, Manuel Rodríguez; e unha representación das familias ucráinas asentadas en Galicia mantiveron un encontro cos medios de comunicación.

Destino, centros sanitarios

O envío partiu con rumbo a Dolhobyczow (localidade polaca na fronteira con Ucraína) onde o estará agardando unha representación do sindicato polaco OPZZ, membro da Confederación Europea de Sindicatos (CES), que se fará cargo do material para facelo chegar ós centros sanitarios e hospitais do oeste de Ucraína.

UGT-Galicia lembra que esta campaña de recollida de material púxose en marcha hai unha semana, por iniciativa dun conxunto de familias ucráinas asentadas en Galicia que se dirixiron ó Centro de integración e asesoramento sociolaboral para inmigrantes que UGT ten en Ourense para pedir a colaboración do Sindicato. A partir de aquí co-



mezou un traballo de colaboración entre estas familias e UGT-Galicia, que abriu todas as súas sedes, unhas 40 na Comunidade, para a recollida do material, e que deu os seus froitos con este primeiro envío.

Neste senso, UGT-Galicia e as familias de ucráinos asentados na Comunidade agradecen a solidariedade e colaboración cidadá con esta e outras iniciativas que se están a desenvolver por toda Galicia pero lembra que non hai que baixar a garda porque os ucráinos e ucráínas van necesitar da nosa axuda aínda durante moito máis tempo.

UGT CONVOCA MOBILIZACIÓNS O 23 DE MARZO PARA DEMANDAR A CONTENCIÓN DOS PREZOS E A PROTECCIÓN DO EMPREGO

Porque hai que frear o deterioro das condicións de vida dos traballadores e traballadoras

Redacción.- UGT chama á cidadanía galega a participoar este 23 de marzo, para demandar a contención dos prezos e a protección do emprego, nas mobilizacións convocadas por UGT, xunto con CCOO e outras organizacións que representan a diversos colectivos como autónomos, consumidores ou asociacións de veciños. UGT demanda ao Goberno de España e á UE que actúen para conter a escalada disparatada dos prezos, protexer o emprego e frear a deterioración das nosas condicións de vida.

A sociedade española vive cunha profunda preocupación e gran malestar a escalada desbocada dos prezos que desde hai meses sufrimos no noso país. O pasado mes de febreiro a inflación acadou unha nova cifra histórica situándose no 7,6%, o seu nivel máis alto dende 1986. A tensión dos prezos da electricidade, gas, os carburantes e outras materias primas se está trasladando ó prezo do resto de bens e servizos que xa soben de xeito xeneralizado. As perspectivas non son boas. Toca actuar con celeridade.

O deterioro das condicións de vida das familias e persoas traballadoras e consumidoras, do tecido produtivo, e do conxunto da cidadanía, é moi palpable. Mes a mes as facturas da luz, a calefacción, a gasolina, os alimentos, a vivenda ou o transporte aumentan e detraen cada vez máis e máis recursos.

O conxunto da sociedade está sufrindo esta situación, pero é a poboación máis vulnerable, a que non chega a fin de mes ou o fai con dificultades, os que a padecen de forma máis cruel. A desigualdade e a pobreza eran problemas urxentes antes de que se iniciara esta escalada dos prezos. Nesta situación, estes problemas, que teñen rostro, que teñen nomes e apelidos, deben abordarse de xeito inaprazable.

Ó mesmo tempo, mentres o oligopolio das empresas multinacionais enerxéticas saca tallada neste escenario, e obtén beneficios históricos, millóns de consumidores e consumidoras e persoas usuarias, centos de miles de pequenas e medianas empresas e de autónomos e autónomas, ou os sectores produtivos de alto consumo enerxético, estanse vendo prexudicados por este aumento disparatado dos prezos.

Todo fai prever que a inxustificable guerra iniciada por Rusia coa invasión de Ucraína terá como consecuencia unha aceleración da inflación que pon en risco o acceso a bens e servizos esenciais, a recuperación económica e a creación de emprego, intensificando os problemas de desigualdade e pobreza.

23 marzo

CCOO
comisións obreiras

UGT

CONTER OS PREZOS,
PROTEXER O EMPREGO

hai que frear o deterioro das nosas condicións de vida



CIDADE	ACTO	HORA	LUGAR DA CONCENTRACIÓN
A Coruña	Manifestación	19.00	Plaza Pontevedra, Juana de Vega, Praza da Mina, Cantóns ata Obelisco
Ferrol	Concentración	19.30	Praza Constitución
Santiago de Compostela	Concentración	19.30	Estacion Vella de Santiago/San Caetano
Lugo	Concentración	19.30	R/Armanya 10 (Fronte á Subdelegación do Goberno de Lugo)
Viveiro	Concentración	19.30	Praza do Concello
Ourense	Concentración	19.30	Rúa Parque de San Lázaro, 3. (Fronte á Subdelegación do Goberno de Ourense)
Vigo	Manifestación	19.30	Vía Norte, Urzaiz, ata esquina Praza de Compostela con Colón
Pontevedra	Manifestación	19.30	Hospital provincial, Loureiro Crespo, Benito Corbal ata Praza Peregrina
Vilagarcía Arousa	Concentración	19.30	Praza de Galicia

Ante este escenario, é urxente que o Goberno de España e da Unión Europea actúen de forma contundente. Teñen a obriga de despregar todas as iniciativas que sexan necesarias para poñer fin a esta escalada dos prezos, para atallar comportamentos especulativos e para protexer e dar seguridade ó conxunto da cidadanía. Así, UGT considera que urxe:

Cambiar o irracional sistema marxinal de fixación do prezo da electricidade, controlando alzas desmesuradas, e topar o prezo máximo do MWh na poxa, porque non pode ser que os prezos do gas marquen o prezo da electricidade que se xera a través doutras tecnoloxías máis baratas. Poñer fin ós beneficios extraordinarios e abusivos das empresas eléctricas e de hidrocarburos que venden produtos a prezos de futuras materias almacenadas

e aproban medidas contra a especulación dos prezos dos produtos básicos.

Acelerar os investimentos para reducir a dependencia enerxética externa e fomentar o uso do transporte público. Protexer á cidadanía e ás familias e apoiar ós sectores produtivos que máis enerxía consumen, porque debemos protexer a nosa industria, a nosa agricultura e gandería, a nosa pesca, o papel que xoga o transporte á hora de vertebrar a cadea de valor da actividade económica, e os empregos que xeran. Activar o mecanismo RED para evitar despedimentos, así como, chegado o caso, mecanismos similares para os autónomos e autónomas. E controlar os prezos dos alugueiros evitando que se revaloricen co IPC, porque ter unha vivenda na que poder vivir é unha necesidade, non un luxo.

FOLGA NAS RESIDENCIAS PRIVADAS DE MAIORES E CENTROS DE DÍA E MANIFESTACIÓN EN SANTIAGO

Redacción.- A folga no sector das residencias privadas de maiores e centros de día arrancou onte ás 22.00 horas e este mércores traballadores e traballadoras do sector percorreron as rúas de Santiago en demanda dun convenio digno.

Tanto nesta mobilización, como na que tivo lugar o pasado día 11 en Vigo, denunciouse o incumprimento e bloqueo do convenio por parte da patronal e as condicións de precariedade nas que se atopan os traballadores e traballadoras do sector, uns 10.000 en toda Galicia, pese a tratarse dun servizo esencial.

A día de hoxe, as negociacións do convenio están bloqueadas pola pouca ansia da patronal por chegar a un acordo e, a pesar dun intento de mediación, este fracasou, polo que os representantes dos traballadores decidiron esta convocatoria de folga.

Javier Martínez (UGT Servizos Públicos Galicia) denunciou que ós traballadores e traballadoras estáselles a negar a suba salarial conforme ó IPC, aínda que as empresas si están a repercutir estas subas nas tarifas das persoas usuarias. As empresas están a atrasar esta decisión á espera de que o INE publique o dato definitivo de 2021 e duvida de que o apliquen con carácter retroac-

tivo. De seguro, cando teñan que pagar todos os atrasos xuntos poñerán como desculpa que non teñen o diñeiro, aínda que obvien o que estiveron a aforrar durante estes dous últimos anos.

Javier Martínez tamén denunciou as políticas que en materia de ratios de persoal aplican. Levan sen tocarse dende o ano 1989. As que existen son tan xenéricas que as empresas poden aplicalas á súa libre interpretación, xa que nin se especifica por especialidades.

Esta situación vese agudizada polo feito de que as empresas non substitúen o persoal de baixa ou de vacacións "co que non se cumpren nin tan sequera esas presenzas mínimas", o que aumenta a carga de traballo do resto do persoal e faise diminuír a calidade do servizo que se presta. "Queren



aforrar como sexa a costa do persoal e iso non llo imos permitir", advertiu.

En canto ó papel da Xunta, Martínez denunciou que, pese á situación deste colectivo, a Administración galega ponse de perfil, aínda que se trate dun servizo de interese público. Política Social presume de estar preparando un novo modelo de residencias con grupos de traballo dos que forman parte os mesmos directores dos centros que lles están negando a día de hoxe ós seus traballadores unhas condicións laborais dignas.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO CONTACT CENTER GALEGO MOBILÍZANSE NA CORUÑA PARA RECLAMAR ESTABILIDADE E SALARIOS DIGNOS

Redacción.- Esta mañá traballadores e traballadoras do Contact Center procedentes de toda Galicia protagonizaron unha concentración na Coruña, continuando co calendario de mobilizacións que se iniciou en Madrid o pasado mes, para denunciar a actual situación de bloqueo do convenio, por parte da patronal, despois de dous anos.

O sector de Contact Center ocupa a máis de 100.000 persoas traballadoras en toda España (incluídas as persoas traballadoras por ETT).

Atopámonos nun sector onde a carga de traballo é desproporcionada e con grandes problemas en canto aos riscos psicosociais.

Desde UGT perseguimos no convenio colectivo a estabilidade no traballo e mellores condicións para as persoas traballadoras.

A Reforma Laboral soluciona a alta temporalidade que se dá no sector e que agora, desde UGT, queremos que se plasme no convenio colectivo.

Igualmente, a subida do SMI deixou algún nivel profesional do convenio por baixo, o que quere dicir que os salarios teñen que ter un incremento importante e, por parte de UGT, non imos permitir que as persoas traballadoras perdan poder adquisitivo.

Atopámonos nun sector altamente feminizado (ao redor dun 70% das persoas traballadoras son mulleres) e, debido ás condicións do sector, este dato impacta directamente na desigualdade salarial que



existe en España.

Soportan salarios conxelados dende o 2019. E a patronal mantense na postura de non prever subas para o 2020 e 2021 e só un aumento do 1,7% para o 2022, cun IPC totalmente desbocado.

Ante o despropósito da patronal, que non quere dignificar as condicións das persoas traballadoras do Contact Center, a parte social seguirá co calendario de mobilizacións.

DEBEMOS PROTEXER O PODER DE COMPRA DA CLASE TRABALLADORA

Redacción.- Os datos de custos laborais correspondentes ao cuarto trimestre de 2021, publicados polo INE, mostran unha tendencia acorde co ciclo expansivo experimentado en 2021. Con todo, a invasión rusa a Ucraína alterou substancialmente o escenario económico, xa que agravou unha inflación que xa de seu era preocupante, presionando á alza os prezos dos produtos enerxéticos e afectando tamén o prezo dalgunhas materias primas claves para o sector industrial e agrícola es- pañol.

Para UGT, as consecuencias son evi- dentes: o contexto actual supón unha diminución notable das posibilidades de crecemento do noso país, mentres que a continua alta inflación implica un risco extremo de intensificar o empobrecemento da clase traballadora. Para contrarrestalo, o sindicato reclama unha política salarial forte e consensuada, que re- force a creación de emprego de calidade, sosteña a demanda interna e evite botar ao traste todo o camiño andando na senda de re- cuperación económica e social.

Un pacto de rendas que debe partir da base de que os salarios non supoñen a orixe dos problemas inflacionistas, polo que non existe ningún razoamento lóxico que xustifique unha desvalorización dos mesmos. Desta forma, a protección do poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras eríxese como a

principal garantía para evitar unha repartición asimétrica dos custos da guerra, esencial para non debilitar, aínda máis, a condición de vul- nerabilidade dos colectivos máis golpeados pola pandemia.

Para a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, é imprescindible que o novo Acordo para o Emprego e a Negociación Co- lectiva pivote sobre a inclusión de cláusulas de revisión salarial nos convenios, protexendo así aos traballadores e traballadoras de posi- bles desviacións nas previsións do IPC. Isto axudaría, ademais, a reverter a regresiva ten- dencia na súa cobertura, xa que, no que le- vamos de ano, este tipo de cláusulas só am- paran a un 28% das persoas traballadoras con convenio laboral, moi lonxe do 54% rexis- trado antes de que entrase en vigor a Reforma Laboral de 2012. Por tanto, o punto de partida é desfavorable para a clase traballadora, polo que, se queremos combater as dificultades económicas baixo parámetros de xustiza so- cial, a blindaxe do poder de compra de millóns de persoas traballadoras supón unha de- manda irrenunciable para poder asegurar un futuro digno a todas elas.

Ademais, UGT considera imprescindible que o Goberno e a Unión Europea adopten as medidas pertinentes para frear a escalada dos prezos enerxéticos, e sinaladamente os da electricidade; introducir medidas tributarias

que permitan obter puntualmente máis recur- sos dos quen están obtendo beneficios ex- traordinarios coa situación de guerra; e es- tender as redes de axudas públicas para as persoas máis desfavorecidas.

O INE publicou os datos da Enquisa Tri- mestral de Custo Laboral (ETCL) relativos ao cuarto trimestre de 2021, mostrando unha evolución positiva dos salarios, en sintonía co contexto económico favorable experimentado o ano pasado.

Neste sentido, o custo laboral total por traballador e mes incrementase un 4,4% res- pecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que o custo salarial total fíxoo nun 5,1%. Eliminando os efectos estacionais e de calendario, a variación anual do custo laboral por traballador sitúase tamén nun 4,4%, men- tres que o crecemento do custo salarial total crece un 5%.

Como reflicte o INE, o incremento do custo laboral débese ao maior número de ho- ras traballadas, na medida que a diminución do tempo de traballo de persoas protexidas por ERTE compensou o repunte de horas non traballadas por vacacións e festivos. Así pois, o número de horas efectivas traballadas ascendeu ao 4,2%, mentres que os custos la- borais e salariais por hora traballada creceron un 0,4% e 0,9%, respectivamente.

NEGOCIACIÓN COLECTIVA PARA ERRADICAR A LGTBIFOBIA DOS CENTROS DE TRABAJO

Redacción.- O Responsable Confederal da área LGTBI de UGT, Toño Abad, interveu no Congreso Internacional sobre Discrimina- ción e novas realidades económicas, tecno- lóxicas e sociais, organizado pola Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade de Sevilla co relatorio: "Diversidade e Inclusión, a responsabilidade social e a negociación co- lectiva".

Toño Abad subliñou que en xullo de 2020 o sindicato presentou un o estudo "Cara a cen- tros de traballo inclusivos: a discriminación das persoas LGTBI no ámbito laboral en Es- paña" que continúa os resultados dunha en- quisa sobre a situación das persoas LGTBI na contorna laboral que presenta datos preocu- pantes como que a discriminación empeza desde o momento en que se pretende acce- der ao posto de traballo.

"A enquisa sinala que o 90% das persoas LGTBI consideraron un inconveniente ser LGTBI á hora de atopar emprego, que o 86% considera necesario ocultar a súa orientación sexual e que tres de cada catro tiveron medo

a revelar a súa orientación no traballo" explica Abad quen resalta que "o 40% das persoas trans foron rexeitadas en entrevistas por pre- xuízos e a iso habería que sumar a cantidade de persoas que non se presentan para non ser discriminadas, humilladas ou maltratadas no proceso de selección".

Unha realidade que require unha actua- ción decidida xa que permanecer no armario supón renunciar a dereitos laborais e non ga- rante a tranquilidade que debería caracterizar a asistencia ao posto de traballo para cal- quera persoa" engadiu. Toño Abad incidiu en que "hai que garantir unha contorna laboral in- clusiva, que permita a cada persoa traballa- dora ser como é, sen temor a manifestalo nas súas actitudes e conversacións e para iso é necesario suprimir as discriminacións no acceso e no desenvolvemento da traxectoria profesional e perseguir e sancionar os actos contrarios. Trátase de erradicar a LGTBIfobia dos centros de traballo e, consecuentemente, da actuación social dos traballadores".

Para iso, o Responsable Confederal



da área LGTBI de UGT recalcou a impor- tancia de introducir cláusulas referidas ás persoas LGTBI na negociación colectiva debido a que só 3 de cada 10 convenios téñenas e, na maior parte dos casos son moi xenéricas. Ademais, da totalidade de convenios colectivos analizados no es- tudio, ningún ten cláusulas que se refiran ás persoas trans no emprego, á súa pro- tección ou ás súas necesidades específi- cas. "Nese sentido, estamos nun momento clave para lograr avances, ás portas da tramitación dunha lei histórica e é primor- dial que o Goberno convoque unha mesa de diálogo social para negociar o contido da lei trans e LGTBI, polo menos na súa materia laboral.

A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DEBERÍA SER UN EXEMPLO EN MATERIA DE IGUALDADE

Redacción.- A Vicesecretaria Xeral de UGT, Cristina Antoñanzas inaugurou a Conferencia da muller organizada pola Federación de Servizos Públicos, na que UGT Servizos Públicos Galicia tivo unha representación de dez delegadas, baixo o lema: “Esenciais: Servizos Públicos feministas para avanzar” un espazo que reuniu a 250 persoas das federacións territoriais do sindicato cuxo obxectivo é ofrecer reflexións coas que afrontar os principais desafíos para a igualdade efectiva de mulleres e homes a través dos servizos públicos.

Cristina Antoñanzas destacou o papel fundamental que xogaron os traballadores e traballadoras dos Servizos Públicos durante a pandemia xogándose a vida por protexer aos cidadáns e lamentou que, en tan pouco tempo, esquecémonos do importante que é ter uns Servizos Públicos fortes, de calidade e cunhas condicións laborais dignas.

Antoñanzas lembrou que os servizos públicos -desde a sanidade á limpeza viaria, pasando pola educación e moitos outros sectores- constitúen un pilar fundamental do Estado do benestar e da igualdade entre mulleres e homes, e cumpren un papel esencial á hora de reducir as brechas e garantir a igualdade real das

condicións de vida da sociedade no seu conxunto, “por iso temos que protexelos e garantir unhas condicións laborais xustas e adecuadas”.

Nese sentido, incidiu en que a normativa sobre plans de igualdade e rexistros retribuídos debe aplicarse tamén na Administración Pública, unha Administración que debe ser exemplo en materia laboral e en materia de igualdade.

Os coidados teñen rostro de muller

A Vicesecretaria Xeral de UGT subliñou que “a corresponsabilidade no noso país brilla pola súa ausencia, os coidados seguen tendo rostro de muller e aínda que se avanzou algo no camiño, a realidade é que o 90% das excedencias e permisos solicítamolas as mulleres e que o 75% da contratación a tempo parcial téñenos as mu-



lheres, tamén nas Administracións Públicas onde hai sectores moi precarios que deben ser protexidos”.

“A corresponsabilidade”, explicou, “debe ser impulsada desde as Administracións Públicas porque son unha cuestión que afecta a toda a sociedade e para iso necesitamos servizos públicos potentes con recursos suficientes e por iso é necesario ter moito coidado coas propostas demagóxicas sobre coidados, os coidados deben estar profesionalizados e tamén temos que coidar á xente que coida”.

“Non queremos ser máis, nin ser menos, queremos ser simplemente iguais e ter as mesmas oportunidades”, finalizou.

O ACORDO SOBRE PENSIÓNS REVERTE OS RECORTES E RECUPERA DEREITOS

Redacción.- A Secretaria de Política Institucional e Políticas Territoriais de UGT, Cristina Estévez, participou no curso “O acordo de pensións e a reforma do Réxime de Autónomos. Presente e futuro”, organizado por UGT cunha conferencia para dar a coñecer o marco político da reforma do sistema de pensións.

Cristina Estévez resaltou que o acordo en materia de pensións “tirou por terra” todos os desmáns do Goberno do Partido Popular no ano 2013 cando de maneira unilateral levaron a cabo unha reforma que colapsaba e desmantelaba o Sistema Público de Pensións, recortaba drasticamente as pensións presentes e futuras e dificultaba o acceso ás mesmas.

Estévez destacou en primeiro lugar que o acordo actual é froito do diálogo social, que se trata dun acordo que devolve dereitos revertendo a situación xerada polo Goberno de Rajoy e que “é

fundamental que a cidadanía coñeza o que supón este acordo histórico”.

“É un acordo que dá a volta á reforma do PP e supón a reforma máis profunda que se realizou ata o momento no Sistema Público de Pensións que devolve dereitos á cidadanía e asegura pensións dignas e xustas”, explicou.

A Secretaria de Política Institucional e Políticas Territoriais subliñou que o acordo alcanzado “céntrase na separación de fontes – para eliminar os gastos impropios da Seguridade Social-, na revalorización das pensións ligada ao IPC e na derogación do factor de sustentabilidade para manter o poder adquisitivo das pensións e garantir a sustentabilidade do sistema”.

“Ademais, conseguíronse importantes melloras en todos os tipos de xubilacións, anticipadas, involuntarias, etc. mellorando os coeficientes de redución algo esencial, pero o éxito desta reforma

foi o apuntamento dun Sistema Público de Pensións que, aínda que non estaba esgotado, fórase desmantelando aos poucos e non garantiría as pensións dos mozos no futuro”.

O actual sistema de cotización dos autónomos é inxusto

Na mesma xornada, o presidente da Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos de España (UPTA), Eduardo Abad, explicou a necesidade dun novo modelo de cotización dos traballadores e traballadoras autónomos que rebaixe o sobreesforzo contributivo dos autónomos máis vulnerables.

“O actual sistema é inxusto e vai en contra dos autónomos con menos recursos debido a que provoca que todos os autónomos paguen as mesmas cotas independentemente do nivel de ingresos e do volume de negocio”, manifestou.